



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE SETEMBRO 2007



1.- Resumo

Mes seco, con temperaturas diúrnas por riba da media.

O mes de setembro estivo caracterizado polas situacións anticiclónicas, moi estables, que soamente víronse interrompidas a mediados e finais de mes pola chegada de aire frío en altura e unha fronte fría, respectivamente. Así, o mes comezou baixo a influencia das altas presións que se situaron ó norte da península Ibérica, arrastrando unha masa de aire cálido e seco, procedente do norte de África e o sur da Península cara Galicia. Isto deixou durante a primeira metade do mes unha serie de 15 días consecutivos de tempo seco, soleado e con temperaturas altas, que en moitos casos superaban os 30°C durante a tarde. Nas xornadas do 15 e o 16 as altas presións debilitáronse e a presenza de aire frío en altura deixou un aumento das nubes e chuvascos localmente treboentos e puntualmente tamén intensos, aínda que repartidos de xeito moi desigual. A partir do día 17 volveron as condicións anticiclónicas, aínda que sen a presenza da masa de aire cálido e seco. Isto deixou novamente 12 xornadas de tempo seco, aínda que con máis nebulosidade na metade norte de Galicia, temperaturas notablemente máis baixas que nas semanas anteriores, principalmente as nocturnas e ventos de compoñente norte. O mes de setembro finalizou coa chegada dun centro de baixas presións procedente do Atlántico, que nos derradeiros dous días do mes deixou os ceos nebulosos e chuvias que durante a madrugada e a mañá do domingo foron persistentes e de intensidade moderada coincidindo co paso dunha fronte fría asociada á borrasca mencionada anteriormente. Esta situación reflíctese nos mapas de anomalías de presión, con presións máis altas do normal ó norte da península Ibérica.

Chuvia: O mes foi moi seco sen excepción en toda Galicia, debido a que soamente se rexistraron algúns chuvascos puntuais a mediados do mes e o paso dunha fronte fría durante a primeira metade do derradeiro día do mes, bastante activa pero insuficiente para acadar os valores que se poderían considerar normais.

Temperatura: As temperaturas máximas estiveron en xeral por riba da media, sendo a diferenza máis notable no sur e algo máis pequena no norte, debido a que as situacións anticiclónicas da segunda metade do mes deixaron temperaturas baixas nestas comarcas. En canto as mínimas, na metade norte estiveron incluso por debaixo do normal xa que as noites despexadas da segunda metade do mes deixaron temperaturas nocturnas moi baixas, mentres que na metade sur achegáronse á normalidade.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003 agás Santiago (1983-2003) .

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	SETEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.2	18.3	19.9 (1987)	16.8 (1974)
Tª mínima media	14.9	15.0	16.4 (1987)	13.7 (1974)
Tª mínima absoluta	9.7 (día 25)	9.0 (29/09/1974)		
Tª máxima media	23.0	21.6	23.4 (2003)	19.7 (1993)
Tª máxima absoluta	27.3 (día 7)	31.4 (15/09/1980)		
Precipitación acumulada	28	49-84	147 (1975)	3 (1997)

Comentario:

*Temperaturas medias e mínimas moi semellantes aos valores climáticos. As máximas sen embargo, fóron moi cálidas, 1.4 ° C superiores ao valor agardado
A precipitación queda por debaixo do rango de valores normais. O mes pode considerarse "seco"*



SANTIAGO

	SETEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.7	18.2	21.1 (1985)	15.9 (1993)
Tª mínima media	12.3	13.1	14.6 (1987)	11.8 (1994)
Tª mínima absoluta	8.0 (día 25)	3.6 (30/9/1982)		
Tª máxima media	24.9	23.4	28.0 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	33.2 (día 6)	37.5 (6/9/1988)		
Precipitación acumulada	27	68-137	263 (1999)	7 (1989)

Comentario:

Temperaturas medias e mínimas algo frías con respecto aos valores climáticos, mentras que as temperaturas máximas fóron máis cálidas do agardado.

En canto á precipitación, o mes pódese considerarse seco, ao quedar algo por debaixo do rango de valores normais

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	SETEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.5	17.2	21.2 (1987)	14.6 (1974)
Tª mínima media	9.6	11.5	14.5 (1987)	9.3 (1974;1995)
Tª mínima absoluta	1.7 (día 28)	3.0 (30/09/74; 18/09/77)		
Tª máxima media	23.5	22.9	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	28.5 (día 6)	39.0 (07/09/1988)		
Precipitación acumulada	20	49-73	178 (1975)	0.4 (1985)

Comentario:

Temperaturas mínimas e medias moi frías, uns dus graos por debaixo dos valores climático. As máximas sen embargo estiveron mesmo por riba do agardado.

En canto a precipitación, o mes queda moi por debaixo do agardado polo que o mes pode considerase “moi seco”



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	SETEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.9	18.3	20.7 (1985)	15.4 (1974)
Tª mínima media	13.4	12.7	14.3 (1987)	10.9 (1974)
Tª mínima absoluta	8.5 (día 28)	3.7 (29/09/1974)		
Tª máxima media	26.5	23.9	27.5 (1985)	20.0 (1974)
Tª máxima absoluta	33.0 (día 4)	34.6 (06/09/1988)		
Precipitación acumulada	25	79-120	267 (1975)	4 (1989)

Comentario:

Temperaturas en xeral superiores aos valores climáticos, especialmente no caso das máximas, 2.5 °C por riba do agardado, polo que este mes pode considerarse cálido ou moi cálido. En canto a precipitación, o mes pódese considerar “moi seco”

OURENSE

	SETEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.5	19.6	22.4 (1985)	16.3 (1974)
Tª mínima media	12.7	12.4	14.8 (1981)	9.2 (1974)
Tª mínima absoluta	7.4 (día 28)	3.0 (29/09/1974)		
Tª máxima media	28.3	26.8	31.9 (1985)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	35.8 (día 6)	39.8 (07/09/1988)		
Precipitación acumulada	27	36-68	229 (1999)	5 (1997)

Comentario:


Mes normal en canto as temperatura medias e as mínimas e cálido respecto as máximas, 1.5 °C por riba do valor agardado. En canto á precipitación, o mes pode considerarse “seco”, ao quedar lixeiramente por debaixo do rango de valores normais



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.
Mes Setembro 2007**






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes Setembro 2007**





3.3.- Temperatura media das máximas




T_{máx} -- 09/2007

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas




Tmín -- 09/2007

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 09/2007

www.meteogalicia.es